

Bloque 1 - Unidade Didáctica 1

QUE É FILOSOFÍA

1.- A QUE CHAMAMOS FILOSOFÍA

A filosofía é a explicación racional do mundo e de nós mesmos.

O seu orixe grego, etimolóxicamente significa:

Philos = amante, apaixonado ...

Sophia = sabedoría, coñecemento

Philosophia = paixón pola sabedoría

É un esforzo metódico do pensamento por construír unha teoría universal e racional sobre a realidade.

2.- AREAS DA FILOSOFÍA

Este saber tan amplo pode clasificarse en distintas areas:

- METAFÍSICA: a parte máis abstracta e complexa. Metafísica é o estudo do Ser. O Ser é aquilo que está en tódolos seres (entes) e fainos ser pero ningún destes seres é o Ser. O Ser non está en ningún outro sitio que nos seres pero os seres non o esgotan.
- EPISTEMOLOXÍA: é a capacidade de coñecer do ser humano. Como coñecemos? Que coñecemos? Que fiabilidade teñen os nosos coñecementos? Ten límites o coñecemento?
- ANTROPOLOXÍA: é o estudo do ser humano. Que somos os seres humanos?
- ESTÉTICA: é o estudo da arte. Unha reflexión filosófica sobre a experiencia estética, sobre o obxecto estético, sobre o concepto de beleza, etc.
- LÓXICA: é unha linguaxe formal igual cas matemáticas.
- ÉTICA: reflexión filosófica sobre a moral (sobre os actos morais). Cales son as normas que guían os nosos actos? De onde veñen? Teñen carácter universal? Somos libres de seguilas?
- POLÍTICA: como nos organizamos como sociedade civil? Que é o Estado? Cales son as súas institucións? Quen lexitima o seu poder? Cales son as formas de goberno?

3.- DO MITO AO LOGOS: O NACEMENTO DA FILOSOFÍA

- MITO: refírese a unha explicación fantasiosa na que interveñen as forzas da natureza con formas antropomórficas, hai deuses e heroes con poderes sobrenaturais. .
 - Entremediase cousas máxicas
- É de tradición oral, ninguén sabe de onde ven, pérdese na protohistoria
- Non hai ningún espírito crítico
- O relato é aleatorio e **continxente**: as cousas pasaron así pero poderían ter pasado de calquera outra maneira. Non hai normas nin regras.
- LOGOS: é unha narración/explicación racional baseada na observación e na recollida de datos.
 - Non hai personaxes fantásticos nin intervén a maxia.
 - É crítica: pon en cuestión os argumentos e as fontes
 - As súas explicación son **necesarias**: pasan así porque as leis así o din e non poden pasar de outra maneira.

4.- FILOSOFÍA AO LONGO DOS SÉCULOS

4.1.- Filosofía clásica

A filosofía iniciase no século VI a.n.e nas illas gregas e as da costa da actual Turquía. Os primeiros filósofos reciben o nome de **presocráticos** porque cronoloxicamente son anteriores a Sócrates. Os tres grandes pensadores de este período son: Sócrates, Platón e Aristóteles.

4.2.- Filosofía medieval: a filosofía medieval é teoloxía (estudo de Deus). Esténdese dende o século III ata o XIV. As dúas figuras máis salientables son: Agostiño de Hipona e Tomé de Aquino.

4.3.- Filosofía Moderna: é un período complexo e moi rico que estendese dende o século XV ao XVIII. Aparecen dous movementos filosóficos opostos: o racionalismo e o empirismo. Kant é o filósofo máis importante do período. A filosofía moderna péchase ca Ilustración e as ideas da revolución francesa.

4.4.- Filosofía Contemporánea: é o período que abarca os séculos XIX a XXI. Un tempo de perda do optimismo e de xiro dende a reflexión como grupo á aparición das ciencias sociais. Os filósofos máis relevantes son: Marx, Nietzsche e Heidegger entre moitos outros.

5.- FILOSOFÍA E ETNOCENTRISMO

A nosa educación sempre versa ao redor da cultura occidental. Clasificamos e organizamos en función do uso da razón que fixemos en occidente. Pero certamente existen outras culturas con outras liñas de pensamento. Ante esta realidade pódense adoptar unha posición etnocentrista (valorar todo dende o punto de vista da nosa cultura) ou intercultural (apertura á maneira de pensar de outras culturas e comprensión de que existen outros usos da razón distintos á de occidente).

5.1.- Grandes correntes do pensamento fora de occidente: budismo, hinduísmo, confucionismo, taoísmo.